

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

EXPEDIENTE	2024045162
ASUNTO	Contrato específico (categoría I) para a Impresión de material dos castelos de Soutomaior e Sobroso no marco do sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros (Expte. 2022015213)
TRÁMITE	Adxudicación do contrato específico

**A deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das facultades que ten atribuídas, dita a seguinte RESOLUCIÓN:**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 8 de xullo de 2022, acordou aprobar o expediente para implementar un sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros (Expte.2022015213).

Con data 3 de xullo de 2024 a Deputada Delegada de Turismo dita providencia pola que se propón iniciar licitación do contrato de impresión (categoría I) de material dos castelos de Soutomaior e Sobroso, no marco do sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diversos materiais e distribución de libros, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Mediante Resolución Presidencial número 2024005894 de 16/07/2024 convidouse ás empresas admitidas neste sistema dinámico de adquisición, a presentar oferta na licitación deste contrato específico no prazo máximo de 10 días naturais contados a partir da data de envío da invitación a través da plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra. Dita invitación foi realizado en data 17 de xullo de 2024, sendo o resultado o seguinte:

Categoría I:

EMPRESAS INVITADAS	PRESENTA OFERTA	PREZO OFERTADO (SEN IVE)	TEMERARIA	PUNTUACIÓN
Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)	SÍ	25.438,60 €	NON	17,727
Bolfer, S.L. (NIF B36004943)	NON	-	-	-
Graficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780)	NON	-	-	-
Grafo, S.A. (CIF: A48203996)	NON	-	-	-
Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871)	SÍ	25.438,60 €	SÍ	100,000
Publprinters Global S.L. (NIF: B23739493)	SÍ	26.010,00 €	NON	8,235
Taktika Comunicacion S.L. (CIF: B36852846)	NON	-	-	-



Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe este procedemento, a oferta económica da empresa PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado, polo que se lle require para que no prazo máximo de cinco días hábiles desde o envío da comunicación xustifique a súa oferta, e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación do contrato.

Achegada a documentación requirida, o servizo Turismo Rías Baixas, mediante informe de data 16 de agosto de 2024 (CSV: 7UJTA1K8RL3S9LQI), considera que a xustificación presentada pola empresa PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871) explica satisfactoriamente a súa oferta económica.

Tendo en conta o disposto no apartado 6 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares polo que se rexe este sistema dinámico *a Deputación adxudicará o contrato específico ao licitador que presentase a mellor oferta, de acordo cos criterios de adxudicación formulados na invitación.*

Resultando que en data 04 de setembro de 2024 pola Intervención se informa favorablemente o expediente indicando que nas aplicacións 24/433.3360.227.24 e 24/433.3363.227.24 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Considerando que os contratos específicos que se adxudiquen no marco do sistema dinámico de adquisición perfecciónanse coa súa adxudicación, non precisando formalización.

Que por Resolución da Presidencia número 2024005761, de 10 de xullo de 2024, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, delegáronse na Deputada María Isabel Couso Torres as competencias en materia de contratación, correspondéndolle respecto deste contrato as competencias como órgano de contratación de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP, parágrafo 1, do artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do establecido na base 16.1.b) de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra,

#### RESOLVO:

**1.- Adxudicar á empresa, Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871) o contrato específico (categoría I) de Impresión de material dos castelos de Soutomaior e Sobroso, conforme ao seguinte detalle:**

Importe sen o IVE:	18.880,00 €
IVE (21 %):	3.964,80 €
Importe total ofertado:	22.844,80 €

O prazo de execución do contrato é de 30 días naturais desde o día seguinte ao da adxudicación do mesmo.

**2.- Dispoñer e comprometer o gasto** por importe de 22.844,80 € con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/433.3360.227.24	20.667,94 €
2024	24/433.3363.227.24	2.176,86 €

**Forma de pagamento: TOTAL**



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

**Lugar de presentación e forma da factura:** As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	Lo2000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2024045162		
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

2.- Requirit á empresa Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871), a constitución da garantía definitiva correspondente ó presente contrato específico por importe de 1.325,29 €. Dita garantía deberá ser constituída no prazo de 10 días desde que a empresa reciba este acordo.

*Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.*

(Documento asinado electronicamente).

**CONTRATACIÓN.- INTERVENCIÓN.- TURISMO RÍAS BAIXAS- EMPRESAS INTERESADAS.-**

